

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a : MARGARITA DEvesa CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. JOSÉ ALVELA EDREIRA D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto a Presidencia felicita ó Partido Popular pola victoria nas Eleccións ó Parlamento de Galicia. Seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (02/02/2009 e 26/02/2009)

Dáse conta das actas das sesións extraordinarias celebradas o día dous de febreiro do ano que andamos, que son aprobadas por unanimidade dos asistentes

Asimesmo dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro do ano que andamos, que se aproba tamén por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre do Plan de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008

Dado que o proxecto técnico da obra *Reforma instalaciones de alumbrado no campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla*, non foi incluído no *Plan de Iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008*, ó non estar incluídas as instalacións nos plans especiais da deputación de



herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006 e 2007, e polo tanto non se cumpre o requisito establecido na base 2 das reguladoras do citado plan

Proponse:

1º.- Participar no *Plan de iluminación e outros complementos dos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008*, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Reforma de las instalaciones de alumbrado en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla</i>	70.985,46	10.985,46	60.000

2º.- Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto na alínea 1º

3º.- Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo ós seus propios recursos, este concello dispón de crédito no orzamento municipal do exercicio 2009

4º.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supere o 100% do seu importe

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social


7º.- Facultar ó Alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo

O Pleno, por unanimidade dos asistentes , acorda aprobar a citada proposta

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdeG-PSOE sobre conmemoración do día 3 de abril, data das primeiras eleccións municipais democráticas de 1979

Dáse conta da moción do PSdeG-PSOE na que se expón que o vindeiro 3 de abril cúmprense 30 anos da celebración das primeiras eleccións municipais que abriron o camiño da normalización democrática en España e a vertebración política da sociedade española, polo que solicitan a adopción dunha serie de acordos para conmemorar o día

Despois da incorporación das achegas do PP e TEGA, propónse a adopción dos seguintes acordos:



1º.- Conmemorar o 3 de abril organizando actos institucionais para celebrar as primeiras eleccións municipais democráticas de 1979

2º.- Distinguir o día 3 de abril como *Día de portas abertas dos concellos*

3º.- Redactar, co consenso de todos os grupos municipais do consistorio, un manifesto municipalista conmemorativo do día 3 de abril

4º.- Realizar, para conmemorar esta data ó longo dos próximos meses, diferentes actividades, organizadas en colaboración co movemento asociativo do municipio, como mesas redondas, conferencias, xornadas de debate, exposicións de fotografía, etc, relacionadas coa vida e a historia democrática do concello

5º.- Promover ó longo deste ano, entre os nenos e a mocidade, o coñecemento dos valores municipais relacionados coa tolerancia, a proximidade e a cidadanía, a través de actos a celebrar nos centros educativos, cívicos e culturais, nos que interveñan representantes de todos os grupos municipais

6º.- Organizar un acto cos membros corporativos da época democrática

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que é unha iniciativa do seu partido que contou co visto e prace de todos os grupos presentes na Comisión Informativa e que se trata dunha vella idea de organizar un acto para homenaxear a todas as persoas que lle dedicaron tempo e esforzos para mellorar o noso concello

Dona Xosefina R. Guitián do BNG pide disculpas por non poder asistir, por enfermidade, á comisión informativa na que se tratou este punto. Di de seguido que en principio, e sobre todo a exposición de motivos da mesma que lle parece loable, e que non ten nada en contra de celebrar os 30 días de democracia, pero que lle parece inxusto non recordar que foi unha volta á democracia, xa que houbo unha interrupción traumática da democracia no ano 36 . Cree que é un bo momento para aproveitar e recordar á última corporación democrática deste concello, que tiveron que deixar , de xeito traumático e polas armas, o concello ó que accederan polas urnas os días 19, 20 e 21 de xullo de 1936, polo que propón engadir este punto á moción.

O Sr. Alvela de TEGA di que non lle parece oportuno ir tanto alá e que entende que o sistema de elección de Alcalde era distinto ó do sufraxio universal, polo tanto remítese á proposta informada favorablemente na comisión

O Sr. Costa do PP di que o seu grupo está de acordo cos termos da moción e que tampouco ten nada en contra de incluír a proposta do BNG

Intervén de novo o Sr. Sánchez e di que se pretende acadar o consenso de todos os grupos neste tema, e que a súa postura , aínda sen estar en contra do planteamento do BNG, e deixar nesta ocasión o tema como está e tanto no manifesto coma nos actos a celebrar facer mención ó proposto polo BNG.

Dona Xosefina . Guitián di que lamenta non acadar o consenso ó que fai referencia o Sr. Sánchez pero que considera xusto recordar o que é certo, que non se desvirtúa o que se pretende conmemorar, senón simplemente de poñer as cousas na súa xusta medida, polo que vai absterse

O Pleno, con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA, e 1 abstención do BNG, acorda aprobar a citada moción

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP solicitando a modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia



Solicítase a declaración de urxencia deste punto e apróbase por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción do PP na que se expón que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, despois dun ano de aplicación non só non beneficia ó rural senón que o estrangulan ó non permitir e dificultar a segregación nas zonas de expansión de núcleo rural, polo que solicitan a modificación da mesma.

Despois do estudo da mesma e as achegas de TEGA, propónse:

1º.- Instar á Xunta de Galicia, máis ó Parlamento, a proposta de que se modifique a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para que se permita e facilite a segregación de parcelas no ámbito de expansión de núcleo rural.

2º.- No solo de núcleo rural debería establecerse o grado de consolidación sobre do estado actual, non sobre a ordenación proposta, xa que se se permite unha excesiva parcelación a delimitación real do núcleo reduciríase e non concoraría coa real

3º.- Dado que no solo urbanizable existe a obrigatoriedade da cesión do 10% do aproveitamento, e a súa vez a cesión do solo para a dotación autonómica para a construción de vivendas de promoción e titularidade pública, debería concretarse que o aproveitamento municipal será preferentemente en vivenda de protección pública en sectores de uso predominantemente residencial.

O Sr. Costa do PP dá unha explicación da moción sinalando que con ela se pretende intentar solucionar unha situación que prexudica a moitas zonas do rural, e concretamente ó noso concello

Di tamén que o principal motivo é o problema da segregación das zonas de expansión de núcleo rural e que outros grupos como TEGA fixeron achegas á mesma que lle parecen boas e que agradecen


Xosefina R. Guitián do BNG di que considera oportunista a moción dado que foi o PP quen a aprobou no ano 2002, a modificou no 2004 e que deixou de gobernar no 2005, e que agora se acorda de presentar mocións nos concellos para reformar unha lei que aprobaron eles en solitario. Di que lle parece ben instar dende os concellos ó poder lexislativo pero que hai que demostrar tamén dende os partidos políticos outra vontade de facer as cousas

Por último di que está de acordo con este tema, igualmente que con outros modificacións, pero que vai absterse ó parecerlle oportunista

O Sr. Alvela de TEGA di que discrepa do BNG neste tema, xa que a moción está presentada dende antes da celebración das eleccións e que a lei ten que ser modificada porque ó limitar tanto o asentamento poboacional hai unha tendencia clara a que determinadas aldeas están a perderse poboación ó non existir terreos onde poder construír vivendas

Por último sinala que precisamente este tema é un dos máis alegados ó PXOM.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE recórdalle á concelleira do BNG que no pleno do 10/05/2007 a iniciativa do seu grupo aprobouse unha moción que dicía textualmente "se permita as parcelacións nas zonas de expansión", e que na actualidade seguen estando a favor, polo tanto que non mudaron de opinión neste tema, e que ademais as achegas de TEGA lle parecen interesantes.



O Sr. Costa di que efectivamente o PP fixo esta lei, pero que cando as sociedades avanza é cando se detecta que hai algo que mellorar, e que non teñen capacidade para iso pero que a súa responsabilidade é instar e promover esas melloras para os veciños

A Presidencia di que non só non lle parece oportunista senón que entende que agora é a ocasión porque o Sr. Feijoo daquela era o Conselleiro da COTOP e agora vai ser o Presidente para poder modificar a lei, e que o seu grupo vai apoiar este tema.

O Pleno, con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG, acorda aprobar a citada proposta.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG do mes de xaneiro, a Presidencia contéstalle:

1.- Con respecto ó campo da festa de San Miguel de Sarandón, di que o proxecto inicial quedou anulado; que se segregou en tres partes; unha delas presentouse na Deputación e que concederon unha axuda por un importe de máis de 92.000 euros; outra no FEIL de 190.000 euros e a terceira en Agader, que depende da Consellería do Medio Rural, pero que despois de moito loitar non concederon esa axuda senón que lle concederon a particulares de Vedra


2.- En canto ás preguntas das vivendas de Xián, igual que as do Sr. Carrillo do PP e as formuladas pola Presidenta da Comunidade de Propietarios no último pleno, dona Estela Mouriño, sinala que existe unha comunicación da promotora, que cree que tamén a teñen os veciños afectados, onde di que Vengalicia, S.L sempre amosou a súa disposición para emendar as deficiencias detectadas na urbanización, e así foi a súa postura dende a primeira reunión que mantivo coa comunidade de propietarios.

A Presidencia procede á lectura da citada comunicación, que di que en canto ó muro de contención as obras foron executadas e rematadas contando co visto e prace do arquitecto don Antonio Sabucedo Costa. Ademais di que dende o concello se fixo unha inspección por parte do arquitecto municipal, don Fernando Faya, e no seu informe sinala que o muro é de cachotería e a simple vista non se detectan anomalías tales como desplomes que supoñen unha ameaza de risco.

Con respecto á depuradora a comunicación de Vengalicia si que presentou en Augas de Galicia a documentación pola que se solicitou a pertinente autorización para as obras que se executarán na mesma e que subsanarán todas as deficiencias, pero que o proxecto elaborado por don Arturo Carrasco, do que se falou xa no pleno de decembro, aínda non foi informado. Di que dende o concello tamén se fixo unha pequena investigación sobre deste problema e que supoñen que nos vindeiros días lle van conceder a licenza.

En canto ó problema de abastecemento de auga a promotora di que lle solicitou a documentación relativa ás piscinas que executaron despois de entregadas as vivendas, estando nestes momentos á espera de que a comunidade de propietarios lles facilite os proxectos das mesmas.

Di - A Presidencia- que polo tanto un dos problemas, o do muro, xa está arranxado; outro, o da depuradora, que se espera contar coa autorización nuns días, e en canto ó do abastecemento de auga que está pendente de que os propietarios lle entreguen a documentación das piscinas á promotora



Polo que respecta ó vaciado da fosa séptica noutras urbanizacións di que non é certo, que en San Xián hai 3 casas que debido a un problema imputable ó concello, xa que o concello fixo alí unhas beirarrúas e rompeulle a saída de augas limpas, e dado que estaba prevista a obra de ensachamento da estrada para o ano pasado, foi adxudicada en maio e aínda está pendente, é algo provisional

Por último sinala que se está a espera de que Promociones Vengalicia, S.L coloque a depuradora que se estará vixiando este tema dende o concello, solicitándolle ós veciños que tan pronto como se fagan obras que o comuniquen ó concello para poder inspeccionalas.

Di tamén que non se olvida da reunión pendente pero que hai que esperar a que a técnica municipal, de baixa por maternidade, se incorpore ó traballo

--Á pregunta do Sr. Martínez do PP sobre das obras da estrada Ponte Ulla - Touro, a Presidencia di que se meteu saneamento e abastecemento e que se lle notificou á empresa, estando á espera de que fagan as beirarrúas e rematar as obras

--Á pregunta do Sr. Carrillo sobre do motivo de non concederlle as prácticas a dona Margarita Mallo, tamén plantexada pola interesada no último pleno, a Presidencia di que non existe ningunha solicitude da interesada para facer as prácticas neste concello

--Por último e con respecto ás preguntas presentadas por dona Xosefina R. Guitián do BNG no Rexistro Municipal, di que algunhas xa foron contestadas hoxe e outras, por motivos de tempo xa que foron presentadas por fax o día vinte e cinco serán contestadas no vindeiro pleno

6º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do PP plantexa as seguintes preguntas:

1.- Con que data se asinou o convenio con Modesto Paz Camps para a xestión da Casa-Museo?. Cal é o horario actual da casa?. Cando se pensa publicitar de forma masiva?. Cal é o proxecto de dinamización ?

2.- En canto á viaxa a Arxentina realizada en decembro polo alcalde e concelleiros, contestouse que os gastos eran só os correspondentes ós billetes, aínda que en Xunta de Goberno figuran outros. Seguro que non hai máis?. Dise que se asinaron diferentes convenios, cales?. Cal foi a axenda de traballo desenvolvida?. Porque non se informou de forma oficial a todos os concelleiros/as dos obxectivos dos que se presenta coma unha viaxe institucional?

3.- Para cando se vai informar ós veciños da existencia dun regulamento do uso das casas de cultura e cando se vai publicitar na páxina web do concello?. Comezouse a facer a limpeza das áreas comúns das casas como establece o regulamento?

4.- Empezouse a facer un seguimento e actualización do Rexistro Municipal de Asociacións, tal e como ordena o regulamento de participación veciñal?

5.- Vaise facer tamén o regulamneto da casa d aterciera idade que é bastante máis antigo que esta lexislatura?

6.- Como é que o concello non respectou as aliñacións do PXOM na pista de A Pedreira -San Miguel, cando precisamente se denunciou a unha veciña por non

respectalas, cando só se arranxou un valo anterior e con licenza, deteriorado por mor das obras? Alei urbanística é só para os veciños?

7.- Cando se poden ver as tres segregacións do proxecto do arranxo do campo da festa de San Miguel de Sarandón?: En que pleno ou Xunta de Goberno se aprobaron?

8.- Comprobou o concello se o manifestado por Promociones Vengalicia, S.L, lido polo Sr. Alcalde neste pleno, é certo?. Supoño que non existirá problema en ver o informe do técnico municipal e facilitarme unha copia?

--Don José Alvela de TEGA pregunta

1.- Electricidad Cruceiro ten un cobro mensual por mantemento dos alumeados públicos que supera os 2.000 euros/mes. Na última Xunta de Goberno aparecen, entre outras, facturas por traballos realizados en alumeados públicos por importe de 2.804,00 euros. Que gastos cubre o importe mensual de mantemento?. Porque estes gastos adicionais?

2.- Dende o equipo de goberno fíxose unha campaña no seu día en axudar ó comercio co slogan "merca en Vedra", sen embargo vemos que se salta con habitualidade, como no caso do concurso de contos onde os premios consisten en vales de O Corte Inglés por importe de 40 ou 50 euros dependendo da categoría. Porque non se poden canxear en tendas deste concello?

A Presidencia con respecto á primeira pregunta contéstalle que o contrato asinado con Electricidad Cruceiro é para o mantemento dos alumeados públicos, e que esa factura correspóndese a extras, como son a colocación de brazos, farolas e outras, que pode ver a factura e comprobala.

En canto á pregunta dos premios do concurso de contos, dona Lucía González Louro, concelleira de cultura, expón que o concurso de contos tiña ata o de agora unha dimensión municipal, no canto a que só participaban nenos escolarizados en Vedra. Este ano decidiuse ampliálo e con este motivo valorouse a comodidade de facer efectivos os premios, e que merca vedra valorouse pero tendo en conta a franxa de idade quizais non se dispoñía de oferta ampla para o concurso, por iso se optou polo Corte Inglés.

Por último di que se estivo acertado co planteamento en canto ó ámbito xeográfico e a oferta, quizais no xeito de resolvelo, polo que se tratará de resolver en futuras ocasións.


--Don Manuel Costa Carneiro, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, formula para a súa contestación as seguintes preguntas:

1.- No núcleo da aldea de Canicoba en San Mamede, por que non se fai un proxecto que contemple a canalización do regato que desborda pola pista e o reasfaltado da mesma?

2.- A marquesiña de Rozadela leva máis dun ano cos cristais rotos, cando teñen pensado colocalos?

3.- Os veciños da aldea de Neira de Abaixo séntense discriminados polo abandono total que o concello demostra en relación ó arranxo da pista que cruza a aldea e que está nun estado lamentable. Teñen pensado arranxala?

4.- O parque infantil de Feal encóntrase nun estado lamentable, que pensan facer con él?



5.- Cando se van a efectuar as obras solicitadas polos veciños na fonte de Trasariz en Vedra?

6.- Que circunstancias cambiaron para que lle deixe de abonar os custos do suministro eléctrico á asociación de veciños de San Xián?. Dende o Grupo Popular rogamos que se busque a maneira de continuar financiando estes gastos por parte do concello como se viña facendo ata o de agora

7.- En plenos anteriores respostounos que a obra de saneamento de San Xián estaba tan só pendente de dar de alta en industria a instalación. Está isto feito?. Para cando se ten previsto iniciar as conexións dos veciños á rede?

8.- Como está o tema da estrada Vedra-Santa Lucía que tanto preocupa ós veciños do noso concello? Para cando se van executar as obras? Que xestión fixo ou está a facer o Alcalde para que se acometan as obras o antes posible?

9.- Na última acta da Xunta de Goberno reflíctese a renuncia de membros do tribunal para a praza de limpadora a formar parte de dito tribunal, a que se debeu isto? Que tazóns manifestaron para esa renuncia?

10.- A aula de teatro do CPI de Vedra solicitou unha axuda para afrontar os gastos de desprazamento a Granada para unha actuación, concedeuselle algunha axuda? De non ser así, rogamos que se faga.

11.- Na última acta da Xunta de Goberno reflíctese o pagamento por parte do concello de axudas de custo e desprazamento para impartir clases de baile rexional en San Xián, en base a que convenio ou contrato se fan efectivas?

12.- Que medidas se adoptaron dende o concello durante estes anos para arranxar xuridicamente o tema do uso público dos terreos situados ó lado da casa de cultura de San Miguel de Sarandón e onde están situadas unhas porterías de fútbol?. É certo que xudicialmente foron adxudicados a un particular perdendo así na actualidade o su uso público?

13.- Cal é a situación actual das outras masas comúns de uso público que hai no concello de Vedra? Corren o risco de perderse tamén ese uso público pola súa adxudicación a particulares?

14.- Cal é o motivo para que no proxecto de obra de ensanchamento da estrada Oza-Cibrán, este ensanchamento non chegue ata o campo da festa de San Xián, tan e como se solicitara nun principio?

Rogamos se amplie o ancio e se afirme o vial ata arriba d etodo, isto é, ata o campo da festa, máxime cando nos consta que hai veciños que estean dispostos a ceder os terreos sempre e cando se lle repoñan os cerres. Asimesmo o PP ponse a disposición do grupo de goberno para falr cos veciños, se se considera necesario por parte do concello

15.- No pasado mes de xullo de 2007, por parte do PP presentouse unha moción aprobada polo Pleno, no que se solicitaba que por parte do Concello se fixera un estudio de todo o tramo da vía férrea que pasa polo mesmo e concretara os lugares onde ben polo tránsito de peóns ou vehículos se facía urxente e necesaria a instalación de medidas de seguridade. Asimesmo se solicitaba que unha vez feito o estudio se falase co ADIF para transmitirlo e solicitar se fixeran as reformas que se consideraran necesarias, e por último que de non facer caso ADIF se solicitaran os permisos necesarios para que a instalación de medidas de seguridade poidesen ser levaads a cabo polo propio concello de Vedra. Dado que a día de hoxe non vemos instalada ningunha medida nin sinal de seguridade nas estradas, camiños e pistas, polos que discorren con habitualidade vehículos e peóns, e lindantes cos vía férrea (fundamentalmente nas parroquias de Ponte Ulla, Santa Cruz, San Mamede e Vilanova) e polo que preguntamos que pass se deron polo concello den-

de o verán do 2007 para levar a cabo dito acordo plenario?. De non ter feito nada, rogamos se faga todo o solicitado de inmediato.

16.- Que fan dous colectores amarelos nunha pista no medio do monte, onde a casa máis cercana está a máis de 100 mts? Están na pista que sobe fronte á casa de Poldo (frente ós Palmeiros? E que vai a dar un pouco máis abaixo da de David Casal (Eiravedra en Santa Cruz)

17.- En relación o cruceiro que se sacou de Santa Cruz, arranxouse?. Que se vai facer co mesmo?

18.- En relación ó muiño de Canstiláns en Santa Cruz , como e cando se vai a rematar o mesmo?

19.- En relación ás obras a realizar en base ó Fondo Estatal de Inversión Local, por que non se concederon, s e acaso algunhas, a empresas do concello de Vedra?. Que publicidade se fixo das mesmas entre as empresas de Vedra?

Formula asimesmos as seguintes preguntas trasladadas dos veciños de Ponte Ulla

1.- Que hai da solicitude para rehabilitar a escola de Ponte Ulla, feita polos veciños desa parroquia?

2.- Dende a AAVV de Ponte Ulla solicitaron para a biblioteca un deshumidificador que impida que se estropeen os libros pola humidade que hai nese edificio, cando van poder dispor del?

3.- Dende esa AAVV teñen pedido dous puntos de luz nos cruces polos que pasan todos os do Pumariño para ir ás súas casas, solicitamos que llos poñan?

4.- Outra preocupación dos veciños de Ponte Ulla e en relación á traida de auga municipal déronlle un presuposto moi lato, máis de 700 euros a cada veciño (aparte das obras na casa e enganche que vai por conta de caua un). Porque na Ulla ten ese custo? Foi así noutras parroquias?

5.- En Ponte Ulla, no arcén da estrada Boimorto-Muros (dende o cruce hacia Codeso) lévanse realizando obras dende fai meses, levantando e cerrando sen que se lles dean explicacións ós veciños do que se vai facer alí, levan meses soportando as obras diante da casa, o polvo e o barro cando chove. Que é o que van facer? Que prazo hai de execución desas obras?


6.- Solicitamos que se limpe o manantial da fonte da Ulla que está no cruceiro, porque se está quedando sen auga; e de paso a fonte está nunha zona de paso dos peregrinos, a auga é potable e é unha fonte emblemática na Ulla

7.- O camiño de Santiago dende o cruceiro ata o Castro está en mal estado e os peregrinos queixanse polas dificultades que se atopan nese tramo, solicitan que se arranxe

8.- Hai problemas co repetidor da antena; na maioría das casas no chega o sinal, os veciños queren unha solución; solicitan que se fagan os trámites necesarios

Tamén fai os seguintes rogos:

1.- Coñecemos que no Pleno da Deputación Provincial de A Coruña deste 27 de marzo de 2009 se aprobaran unhas axudas para os concellos para gastos correntes, rogamos que se destinen os fondos que lle correspondan ó Concello de Vedra para pagar facturas pendentes, comezando en primeiro lugar polas empresas e profesionais de Vedra



2.- Coñecendo igualmente que no Pleno da Deputación Provincial de A Coruña deste 27 de marzo de 2009 se aprobaran tamén unhas axudas para os concellos para destinar entre outras cousas a camiños, alumedos públicos, obras de mantemento, compra de maquinaria, etc, poñendo en coñecemento da Alcaldía de Vedra algún exemplo de pequenas e diversas necesidades de distintas parroquias de Vedra, que ben poden incluírse no plan mencionado:


- Cambio de marquesiña en Trasariz de Abaixo (Vedra)
- Realización de aceras en Pousada , tantas veces reclamadas (Vedra)
- Asfaltado da pista de Cimadevila (San Miguel)
- Asfaltado da pista que baixa dende Piñeiros ata o campo da festa, pasando por diante da casa cultural (unha pista moi transitada xa que a maioría da xente de Ximonde e algunha de Caxaraville pasan por ela, ademais das casas que hai nesa mesma pista (San Miguel)
- Asfaltado da pista que baixa ata a aldea de Caxaraville dende a estrada Ulla -Ponte Vea (é o acceso principal desta aldea) (San Miguel)
- Farolas no tramo da estrada dende Piñeiros a Legarei (San Miguel)
- Na aldea de Paizás e de Gatente cambiar as casetas de recollida dos nenos (están rotas cos plásticos tirados) (Trobe)
- Alumeado para enlazar Bazar con Gatente (Trobe)
- Prolongar o alumeado público en Tomonde e Sete pola pista que vai pola finca de Luís Míguez e que une ambas aldeas (Santa Cruz)
- Poñer tres postes de luz pola pista que baixa dende a de Suso de Goriño ata Outeiro (Santa Cruz)
- En Galegos de Abaixo en Santa Cruz, asfaltar o trazo da pista que está en terra pola retirada do poste que se situaba no medio dela (Santa Cruz)
- Instalación dunha marquesiña de autobús no lugar de Silvaescura. Este lugar carece de marquesiña e por esta razón os condutores de autobús néganse a realizar parada ás persoas dese lugar tendo que desprazarse ata a marquesiña de sales tendo que subir e baixar unha longa e empinada costa. Algúns dos usuarios son persoas maiores que se beneficiarían desta mellora (San Fins)
- Arranxo da pista que cruza a aldea de Naeira de Abaixo (San Mamede9
- Plan de bacheo de todas as pistas do concello

3.- Rogamos se cumpran os acordos acadados nas reunións mantidas para a distribución dos investimentos financiados polo FEIL para os concellos. Entre estes acordos estaba que xa que a parroquia de San Fins era a única que quedaba sen obras de dito Fondo, o Concello incluíría a obra do local social da Carballeira do Souto nos orzamentos deste ano 2009. Tendo en conta que esta obra non foi incluída no orzamento, rogamos que a maior brevidade se dispoñan as modificacións pertinentes para levala a cabo neste ano 2009.

4.- Rogamos que por igual motivo que o anterior, que igualmente se dispoñan as modificacións pertinentes para levala a cabo neste ano 2009 a prolongación da traída de auga dende Pousada ata Trobe

5.-Rogamos que se proceda ó pintado exterior da igrexa parroquial de San Fins de Sales tal e como se acordou cos veciños tras o pintado interior. Como vostedes saben aínda quedou parte da pintura comprada polos veciños e debido ó tempo pasado temen que a pintura acabe estropeándose

6.- Rogamos que se faga o empedrado da entrada á igrexa de San Fins, xa que o pavimento feito con celosías con moito esforzo e boa vontade por parte dos



veciños de San Fins necesita unha zona empedrada debido ó risco de caídas que teñen as celosías para as persoas maiores

7.- Rogamos se adopte algunha medida con respecto a un veciño que ten unha explotación gandeira no lugar de Texo en San Fins de Sales e que non garda axeitadamente as súas vacas, sendo estas causantes de destrozos en propiedades dos veciños nos últimos meses e un grave perigo para a circulación ó andar soltasa caqueleira hora do día e de noite cruzando as estradas

8.- Rogamos de novo se limpe e acondicione a Fonte Fría na aldea de Cima-devila (San Miguel)

9.-Rogamos se arranxen as farolas xunto á casa parroquial de San Pedro de Sarandón que levan máis dun mes sen alumear

10.-Rogamos que na aldea de Xián (San Pedro) se poña un taboleiro de anuncios

11.- Rogamos que en San Mamede na estrada que vai de Sarandón a Ponte Ulla, na pista que sae de Canicoba a carón da ponte da autopista se coloque unha sinal de STOP

12.- Rogamos se arranxe un gran bache que hai na pista que atravesa a aldea de Sarandón en San Miguel

13.-Rogamos que na aldea de Trobese arranxe o seguinte:

- Un cable de corrente que está solto na pista da igrexa ó campo da festa
- A farola de entrada ó cemiterioo novo ten a caixa rota cos cables á vista
- Unha farola do cemiterio ten a bombilla fundida
- No campo da festa está rota a caixa de encendido das farolas e contador
- Que se limpe de maleza detrás do palco da música e tamñen destrás da casa de cultura ó lado da igrexa

14.- Rogamos que na aldea de Bazar (Trobe) se arranxe o seguinte:

- No cruce de Bazar-Fontao o espello para mirar a saída está roto
- Se limpe a dea saída á auga na pista de Bazar á estrada de Vedra
- Se valle a fonte no lado da pista
- Se limpe e dea saída á auga no centro de Bazar

15.- Rogamos que na aldea de Xián (Trobe) se arranxe o seguinte:


- Sinal rota no cruce da estrada Vedra, Ponte Ulla -Ponte Veá
- Vallar a fonte no lado da pista

16.- Na aldea de Pedreira en Trobe o anclaxe do colector no cruce está mal colocado pois quita visibilidade na saída. Rogamos comprobe isto e o rectifiquen

17.-Rogamos se coloque un taboleiro de anuncios en Fornelos (Vedra)

18.- Rogamos que por parte do grupo de goberno se informe ó pleno da corporación dos desagradables feitos ocorridos fai uns días no campo da festa de San Miguel de Sarandón, e a raíz das obras a realizar no mesmo

19.- Examinando os proxectos de Ensanchamento da estrada Oza-Cibrán de novembro de 2007 (onde se contempla a instalación do abastecemnto de auga) e o proxecto Ampliación de saneamento e abastecemento en Laraño de setembro de



2008, ambos proxectos a realizar en San Xián e sobre a mesma zona geográfica, observamos que hai nunha determinada unidade da obra unha duplicidade en ambos proxectos. Así contéplanse a instalación de 490 mts concretos de abastecemento no mesmo sitio en ambos proxectos. Resulta evidente que se se fai nun proxecto xa non se vai a facer no outro, polo que loxicamente deben aforrarse uns importantes cartos. Polo tanto rogamos que se amplie na zona e se fagan a maiores dos planificados outros 490 mts de abastecemento

20.- Rogamos se poña algún colector amarelo diante do Restaurante A Terraza en Santa Cruz (só hai verde e de vidro). Podería cambiarse un do outro lado da estrada xa que fronte ó Quenllas hai 3 amarelos e cambiando 1 evitaríamos que todos os veciós da aldea de Galegos tivesebn que cruzar a estrada innecesariamente

21.- Rogamos que se arranxe o foco que está na pista que vaixa cara ó centro médico en Santa Cruz, situado entre a destilería e a casa de Fontán que xa leva máis dun mes avariado

22.- Rogamos que na aldea de Tomonde, e sempre que sexa posible, se prolonguen dous ou ters tubos do alcantarillado que se está a facer, dende a arqueta que está no medio da pista e en dirección á casa de Carlos Tacón

23.- Rogamos que antes de que chegue o verán e, á vista de que nalgúns puntos de Galicia, xa se produciron algúns incendios, se proceda á limpeza ordenada, programada e urxente en todas as parroquias da maleza que está máis preto das casas

24.- Rogamos que de maneira urxente se repare o vestiario visitante no campo municipal de fútbol de O Coto, e que ardeu recentemente durante a disputa dun partido. Asimesmo rogamos se revisen e se fagan as reparacións necesarias, de maneira igualmente urxente, nas instalacións eléctricas de dito campo para que non volva a ocorrer o mesmo

Por outro lado insistimos en reclamar a reparación urxente dos regadores do céspede, pois de non facerse, pronto se deteriorará o terreo de xogo

25.- Solicitamos se repare de maneira urxente o marcador electrónico do pavillón polideportivo

26.- Rogamos se reparen os baches da pista que vai dende a aldea de Recarei ata a casa de Jesús Sinde Parada

17.- Reparación dos baches da pista que cruza a aldea de Rosende e sobe ata o lugar de O Soutelo

18.- Reparación dos baches da pista que vaia dende o lugar de a Igrexa ata Fraiz (nesta pista algunha farola non alumea, arranxalas)

7º.- Rogos e participacións veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

--Dona Estela Mouriño, en representación da Comunidade de Veciños de Xián -Trobe, pregunta:

1.- Promociones Vengalicia, S.L ten licenza de obras para a depuradora que lles está a dar servizo ás vivendas?



2.- Quere manifestar o seu agradecemento ó Sr. Alcalde ó cambio de actitude amosado hoxe con respecto a este tema, agradecendo, en nome dos veciños, que o arquitecto municipal visitase as obras do muro. Non obstante gustaríalles que o citado arquitecto, como entendido na materia, informase a acerca de se ese muro é seguro ou non.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e quince minutos

